# Guía rápida para o empregado sobre como **consultar o estado e solicitude de Recoñecemento do grao I** dende PORTAX

Marzo 2019

XUNTA DE GALICIA

amtega
Axencia para a Modernización Tecnolóxica

## Índice

1. Introdución
2. Como consultar se cumpro ou non cumpro os criterios?
3. "Se cumpro os criterios de avaliación", como teño que proceder?
4. "Se non cumpro os criterios de avaliación", que teño que facer?
5. "En calquera outra situación distinta", que teño que facer?
6. Como presentar unha reclamación?

## Introdución

Este documento ten por obxectivo servir de **guía rápida para os empregados** que teñen acceso a PORTAX sobre como:

- **Consultar se cumpre ou non cumpre** os criterios de acceso e algún dos criterios xerais de avaliación, aos efectos de estar en disposición de solicitar o recoñecemento do grao I da carreira profesional.
- Descrición do **procedemento a seguir** en función do seu estado e vínculo coa administración:
  - "**Se cumpren os criterios de avaliación**", deberán solicitar o recoñecemento de grao I de Carreira Profesional
  - "**Se non cumpren os criterios de avaliación**", deberán consultar o seu expediente electrónico e si detectan que non está correctamente actualizado, procederán a rexistrar unha solicitude de Actualización de méritos (impreso de emenda). Se o consideran necesario, tamén poderán presentar unha reclamación.
  - En calquera outro caso, deberá seguir as instrucións que se amosan na aplicación de "**Consulta o teu estado e solicita o recoñecemento do grao I do sistema de carreira profesional**".

# Consulta e solicitude de Recoñecemento de Grao I
# Como consultar se cumpro ou non?

1. Dende a pantalla principal de PORTAX, na sección de servizos destacados, poderá acceder ao espazo de **Carreira Profesional** dende onde terá dispoñible toda a información e servizos relacionados coa Carreira Profesional.




Dende a sección de enlaces que están a dereita, tamén se pode acceder directamente ao servizos máis destacados

# Consulta e solicitude de Recoñecemento de Grao I
## Como consultar se cumpro ou non?

2. Dende o servizo destacado de **Carreira Profesional** atopará a seguinte información:

- **Información xeral** do proceso de encadramento do grao inicial, xunto cos enlaces a:
  - Normativa vixente
  - Manuais de usuario onde atopará distintas guías de documentación.
  - Contacto para dubidas funcionais e de normativa
- **Acceso aos servizos e funcionalidades máis destacadas**:
  - Consulta do estado da Carreira Profesional, de si cumpre ou non cumpre os criterios e os seguintes pasos a realizar para solicitar a adhesión.
  - Acceso a consultar o expediente do Rexistro Central de Persoal
  - Acceso a rexistrar unha solicitude de emenda
  - Presentar unha reclamación

### Carreira Profesional

Dende esta sección, o persoal funcionario de carreira e o persoal laboral fixo do convenio colectivo único da Xunta de Galicia, atoparán toda á información e servizos necesarios para o acceso ao réxime extraordinario do grao I da Carreira Profesional.

**Acceso á consulta e solicitude de recoñecemento**

Consulta o teu estado e solicita o recoñecemento do grao I do sistema de carreira profesional

*Este servizo permite consultar se cumpre ou non os criterios de acceso e algún dos criterios xerais de avaliación, aos efectos de estar en disposición de solicitar o recoñecemento do Grao I da carreira profesional. Este Servizo recolle a información do seu estado do Rexistro electrónico de Persoal da Dirección Xeral da Función Pública.*

**Normativa**

- Orde do 28 de marzo de 2019 pola que se publica o acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CC.OO. e UGT para a implantación do réxime extraordinario de acceso ao grao I do sistema de carreira profesional do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal laboral fixo do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

**Manuais de usuario**

- Manual de usuario do sistema de consulta de estado e solicitude de recoñecemento do grao I.
- Manual de usuario do sistema de incorporación de méritos

**Contacto**

- Información normativa e dúbidas funcionais. Teléfono 981 545 235, email: carreiraprofesional.funcion-publica@xunta.es.
- Para calquera incidencia técnica co uso das aplicacións, contacte co seu canal habitual de atención a usuarios.

**Acceso directo a outros servizos complementarios**

Consulta o teu expediente electrónico

*Neste enlace pode consultar a información electrónica que consta no seu expediente electrónico administrativo persoal.*

Solicitude de actualización de méritos (impreso de emenda)

*Este servizo só debe ser empregado se non cumpre algún dos criterios de avaliación e ten méritos non rexistrados no seu expediente electrónico administrativo persoal cos que poda cumprilos.*

*Neste caso deberá incorporar estes méritos empregando este servizo, xerando finalmente o seu impreso de emenda. Unha vez xerado deberá asinalo e presentalo por rexistro xunto coa documentación xustificativa dos méritos incorporados dirixido os seguintes destinos en función do destino do posto de traballo do solicitante:*

- *Servizos centrais: secretario/a xeral técnico/a, subdirector/a xeral ou xefes/as de servizo que teñan atribuídas funcións en materia de xestión de persoal, dependentes da secretaría xeral técnica da consellería respectiva, centro directivo ou ente público instrumental.*
- *Servizos periféricos: xefes/as territoriais, funcionarios/as responsables da área de persoal das xefaturas territoriais, delegacións ou ente público instrumental respectivo.*

No caso de que toda a documentación xustificativa sexan copias auténticas electrónicas, pode empregar o procedemento xenérico PR004A que se atopa na sede electrónica para realizar a presentación electrónica.

Presentación mediante o procedemento PR004A: https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A

Presentar unha reclamación á carreira profesional

*No caso de que non estea de acordo co estado que lle mostra o servizo de consulta, debido a calquera erro, inconsistencia ou falta de información do seu expediente electrónico pode presentar unha reclamación empregando este servizo, seleccionando o apartado de carreira profesional.*

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

3. Para consultar cal e o teu estado, debes ir ao servizo de "**Consulta o teu estado e solicita o recoñemento do grao I do sistema de carreira profesional**" e a continuación abrirase unha nova xanela coa información de si cumpre ou non cumpre. A información que se visualiza dependerá da súa situación e vínculo xurídico. Por exemplo:



CARREIRA PROFESIONAL

Vínculo xurídico coa administración:

O SEU VÍNCULO XURÍDICO É FUNCIONARIO/A DE CARREIRA

Segundo a información que consta no seu Rexistro electrónico de personal, vostede **cumpre algún dos criterios para solicitar o recoñecemento do grao I no sistema de carreira profesional**.

**Para solicitar o recoñecemento deberá xerar e PRESENTAR ELECTRÓNICAMENTE a súa solicitude empregando o seguinte enlace:**

Presentar solicitude de recoñecemento de grao I

Se cumpre algún dos criterios de avaliación, e o seu vínculo é funcionario de carreira, visualizárase o seguinte texto

Se non cumpre ningún dos criterios de avaliación, e seu vínculo é laboral fixo



CARREIRA PROFESIONAL

Vínculo xurídico coa administración:

LABORAL FIXO

Vostede non cumpre ningún dos criterios de avaliación, deberá acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos, de conformidade co disposto no artigo 4 da Orde

Presentar solicitude

Pode presentar unha reclamación e un impreso de enmenda

# Consulta e solicitude de Recoñecemento de Grao I
## Como consultar se cumpro ou non?

En calquera outro estado, ***dependendo do seu vínculo xurídico***, os pasos a seguir poden ser distinto.

Lea con atención as instrucións que se amosarán na mesma pantalla na que pode consultar o seu estado. Dependendo da situación de cada empregado, as instrucións poden variar:

### CARREIRA PROFESIONAL

**Vínculo xurídico coa administración:**

O SEU VÍNCULO XURÍDICO É FUNCIONARIO/A DE CARREIRA

Segundo a información que consta no seu expediente administrativo electrónico de personal, vostede non cumpre os requisitos de acceso a este proceso extraordinario de recoñecemento do grado I de carreira profesional.

No "Artigo 3. Requisitos e ámbito de aplicación" do acordo atopará os requisitos para o acceso. Debe comprobar que cumpre estes requisitos para poder optar a este recoñecemento extraordinario. Neste enlace pode acceder ós requisitos de acceso:
Enlace ós requisitos de acceso

Se considera que hai un erro na súa calificación, e realmente si que cumpre os requisitos de acceso, pode presentar unha reclamación empregando o seguinte enlace:
Presentar reclamación

Adicionalmente deberá verificar se cumpre os criterios xerais de avaliación.
No "Artigo 2. Criterios xerais de avaliación" do acordo atopará os criterios de avaliación. Debe cumprir só un dos criterios para poder optar ó recoñecemento extraordinario do grado I, unha vez que cumpra os requisitos de acceso.
Neste enlace pode acceder ós criterios xerais de avaliación:
Enlace ós criterios xerais de avaliación

Só no caso de que cumpra os requisitos indicados no "Artigo 3. Requisitos e ámbito de aplicación" e no caso de que presentara unha reclamación, tamén terá opción a completar o seu expediente electrónico persoal. Se unha vez consultado constata que non ten rexistrados méritos suficientes para cumprir algún dos criterios de avaliación indicados no "Artigo 2. Criterios xerais de avaliación" do acordo, poderá incorporar novos méritos ó seu expediente adminsitrativo electrónico persoal.

Para comprobar os datos que constan no seu expediente administrativo electrónico persoal pode empregar o seguinte enlace:
Rexistro de Persoal

- Se ten algún mérito non rexistrado co que pode cumprir algún dos criterios de baremo, pode actualizar o seu expediente xerando unha solicitude de actualización de méritos (impreso
  Presentar solicitude de actualizaci
  No seguinte enlace pode atopar a i
  Enlace a información de acreditaci

### CARREIRA PROFESIONAL

**Vínculo xurídico coa administración:**

O SEU VÍNCULO XURÍDICO É FUNCIONARIO/A DE CARREIRA

Segundo a información que consta no seu expediente administrativo electrónico de personal, vostede cumpre os requisitos de acceso, pero non cumpre ningún dos criterios de avaliación, polo que inicialmente non está proposto para o recoñecemento extraordinario do grado I do sistema de carreira

No "Artigo 2. Criterios xerais de avaliación" do acordo atopará os criterios de avaliación. Debe cumprir só un dos criterios para poder optar ó recoñecemento extraordinario do grado I. Neste enlace pode acceder ós Criterios xerais de avaliación:
Enlace ós criterios xerais de avaliación

Para comprobar os datos que constan no seu rexistro electrónico administrativo de persoal pode empregar o seguinte enlace: Rexistro de Persoal

- No caso de que teña méritos cos que cumpra algún dos criterios de avaliación correctamente rexistrados no seu expediente electrónico persoal pode presentar unha reclamación empregando o seguinte enlace:
  Presentar reclamación
- Se ten algún mérito non rexistrado no se expediente administrativo electrónico de persoal co que pode cumprir algún dos criterios de avaliación, pode actualizar o seu expediente xerando unha solicitude de actualización de méritos (impreso de enmenda) empregando o seguinte enlace:
  Presentar solicitude de actualización de méritos (impreso de enmenda)
  No seguinte enlace pode atopar a información relativa a forma de acreditación documental dos distintos criterios xerais de avaliación:
  Enlace a información de acreditación de méritos

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Consulta e solicitude de Recoñecemento de Grao I
# “Se cumpro os criterios”, como teño que proceder?

1. Dende o servizo de “**Consulta o teu estado e solicita o recoñecemento do grao I do sistema de carreira profesional**”, se vostede cumpre os criterios de avaliación, na parte inferior pode atopar un enlace de **“Presentar Solicitude”.** Prema neste enlace:

**Engadir solicitude**

**Tipo de solicitude**
Recoñecemento extraordinario grao I

**NIF**
00000020C

**Nome**
FUNCIONARIO

**Primeiro apellido**
PORTAX

**Segundo apelido**
PROBAS

Solicito o recoñecemento extraordinario do grao I da carreira administrativa.

CONTINUAR >>

Para engadir a solicitude, prema en Continuar

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# "Se cumpro os criterios", como teño que proceder?

2. A continuación visualízase a seguinte pantalla:


Estado da solicitude

ACABA DE CUMPRIMENTAR A SOLICITUDE. NESTE INTRE AÍNDA NON ESTÁ PRESENTADA

Código
030L1FVVJBU7DZ3P3171
Número de entrada no rexistro

Data de rexistro

OPCIÓNS PARA A PRESENTACIÓN:

1. Imprimir para presentar no rexistro
XERAR IMPRESO

2. Presentar electrónicamente no rexistro
PRESENTAR

Pode engadir ata 10 documentos en formato PDF. Debe indicar a descrición do documento.
Examinar... No se ha seleccionado ningún archivo.
Descrición

ENGADIR

Tipo de solicitude
Recoñecemento extraordinario grao I
NIF
00000020C
Nome
FUNCIONARIO
Primeiro apellido
PORTAX
Segundo apelido
PROBAS
Solicito o recoñecemento extraordinario do grao I da carreira administrativa.

Para presentar a solicitude, ten que premer no botón PRESENTAR que o que fai e presentala electrónicamente no Rexistro.

De forma opcional, se desexa quedarse con unha copia, seleccione o botón XERAR IMPRESO.

## Consulta e solicitude de Recoñecemento de Grao I
## “Se cumpro os criterios”, como teño que proceder?

3. Unha vez que selecciona PRESENTAR, sae a seguinte xanela:




Debe pulsar “**Aceptar**” xa que para realizar esta solicitude non é necesario achegar ningunha documentación.

4. Por último visualizase unha nova pantalla a que se indica que ***“A solicitude foi presentada correctamente”*** e pode consultar código da solicitude, o número de entrada no rexistro así coma a data.




XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Consulta e solicitude de Recoñecemento de Grao I
# "Se non cumpro os criterios", que teño que facer?

1. Se o empregado "non cumpre os criterios de avaliación", o primeiro que ten que facer é comprobar se o seu expediente electrónico administrativo está correctamente actualizado. Para elo debe ir ao servizo de "**Consulta o teu expediente electrónico**"




Debe revisar a información de cada unha das lapelas para comprobar que toda a información está correctamente actualizada!

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# "Se non cumpro os criterios", que teño que facer?

2. Se detecta que no seu expediente **faltan méritos por engadir**, deberá ir ao servizo de "**Solicitude de actualización de méritos"** (impreso de emenda).

Seleccione a opción de **Modificación, impreso de emenda ou conformidade**




Na sección de Carreira Profesional, dende PORTAX, no apartado de Manuais de Usuario pode atopar un **manual detallado sobre como proceder a realizar a solicitude de modificación de méritos en relación coa Carreira Profesional.**

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Consulta e solicitude de Recoñecemento de Grao I
# "Se non cumpro os criterios", que teño que facer?

3. A continuación, dende esta funcionalidade deberá premer no icono de **"Crear unha nova Solicitude"**

XUNTA DE GALICIA

Rexistro Central de Persoal

Desconectar

**Consultas**
Ficha de Persoal

**Solicitudes**
Modificación, impreso de enmenda ou conformidade

**Usuario/a**
Cambio de chave
Cambio de Datos Persoais

**APELIDOS E NOME:** PORTAX PROBAS, FUNCIONARIO
**NIF:** 00000020C

Dende esta páxina poderá solicitar a certificación de titulacións, cursos, servizos prestados, periodos de inactividade, trienios recoñecidos e nivel de galego. Lembre que deberá pechar e imprimir a súa solicitude para presentala no seu Servizo de Persoal. Este impreso debe ir acompañado de toda a documentación acreditativa dos cambios solicitados.

- **No caso que desexe xerar un impreso de conformidade,** cree unha nova solicitude a partir dos datos da súa ficha de persoal, entre na modificación da solicitude pero sen modificar os datos, e de seguido peche e imprima o impreso de conformidade.
- **No caso que desexe xerar un impreso de enmenda,** siga o mesmo procedemento anterior, pero modifique os datos que necesite antes de pechar e imprimir o impreso de enmenda.

Últimas solicitudes rexistradas en curso:

Crear unha nova solicitude

| Nº SOLI. | TIPO | DATA INICIO | DATA PECHE | ESTADO | |
|---|---|---|---|---|---|
| 4 | Solicitude | 21/03/2019 | 22/03/2019 | Pechada | |
| 3 | Solicitude | 21/03/2019 | 21/03/2019 | Pechada | |
| 2 | Solicitude | 20/03/2019 | 20/03/2019 | Pechada | |
| 1 | Solicitude | 14/03/2019 | 15/03/2019 | Pechada | |

Pax. 1 de 1

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Consulta e solicitude de Recoñecemento de Grao I
## "Se non cumpro os criterios", que teño que facer?

4. O seguinte paso, será seleccionar si quere crear unha solicitude a partires dos datos da ficha de persoal ou da solicitude pechada máis recente.

| | |
|---|---|
| **APELIDOS E NOME:** | PORTAX PROBAS, FUNCIONARIO |
| **NIF:** | 00000020C |

**Crear unha nova solicitude de certificación:**

Dende esta xanela poderá crear unha nova solicitude de certificación. A nova solicitude amosará os datos actualmente rexistrados na Dirección Xeral da Función Pública.

Cando remate as modificacións desexadas, deberá pechar a solicitude, realizar unha copia impresa e presentala no seu servizo de persoal, acompañada de toda a documentación acreditativa dos cambios solicitados, para continuar o proceso de Certificación.

Non se esqueza de entregar na Dirección Xeral da Función Pública o certificado do seu expediente electrónico que lle será proporcionado polo seu servizo de persoal.

- (●) **Crear unha nova solicitude a partir dos datos da súa ficha de persoal**
- ( ) **Crear unha nova solicitude a partir da solicitude pechada máis recente**

[Crear Nova Solicitude] [Cancelar]

Prema en Crear Nova Solicitude

# Consulta e solicitude de Recoñecemento de Grao I
# "Se non cumpro os criterios", que teño que facer?

5. Na parte inferior, agora visualizará unha nova solicitude que está aberta, e dende o botón de modificar a solicitude poderá proceder a actualizar a información do seu expediente.

| | |
|---|---|
| **APELIDOS E NOME:** | PORTAX PROBAS, FUNCIONARIO |
| **NIF:** | 00000020C |

Dende esta páxina poderá solicitar a certificación de titulacións, cursos, servizos prestados, periodos de inactividade, trienios recoñecidos e nivel de galego. Lembre que deberá pechar e imprimir a súa solicitude para presentala no seu Servizo de Persoal. Este impreso debe ir acompañado de toda a documentación acreditativa dos cambios solicitados.

- **No caso que desexe xerar un impreso de conformidade,** cree unha nova solicitude a partir dos datos da súa ficha de persoal, entre na modificación da solicitude pero sen modificar os datos, e de seguido peche e imprima o impreso de conformidade.
- **No caso que desexe xerar un impreso de enmenda,** siga o mesmo procedemento anterior, pero modifique os datos que necesite antes de pechar e imprimir o impreso de enmenda.

Últimas solicitudes rexistradas en curso:

| Nº SOLI. | TIPO | DATA INICIO | DATA PECHE | ESTADO | |
|---|---|---|---|---|---|
| 5 | Solicitude | 26/03/2019 | | Aberta | |
| 4 | Solicitude | 21/03/2019 | 22/03/2019 | Pechada | |
| 3 | Solicitude | 21/03/2019 | 21/03/2019 | Pechada | |
| 2 | Solicitude | 20/03/2019 | 20/03/2019 | Pechada | |
| 1 | Solicitude | 14/03/2019 | 15/03/2019 | Pechada | |

Pax. 1 de 1

Prema no botón de "Modificar"

# "Se non cumpro os criterios", que teño que facer?

6. Na parte inferior, agora visualizará unha nova solicitude que está aberta, e dende o botón de modificar a solicitude poderá proceder a actualizar a información do seu expediente.

**APELIDOS E NOME:** PORTAX PROBAS, FUNCIONARIO
**NIF:** 00000020C

**SOLICITUDE: 5** **Creación: 26/03/2019** **Última Modif: 26/03/2019**
**ESTADO: Aberta**

**Prema aquí para coñecer a súa permanencia/desempeño profesional**

Persoais | Admin. | Titulacións | Cursos | Serv. Prest. | Inact. | Trienios | Experiencias | Outras Formac.

- **Os datos persoais pódense modificar no menú da esquerda**
- **O persoal doutras administracións non poderá modificar os datos persoais, éstes veñen fixados pola solicitude de participación no concurso**

| | |
|---|---|
| **DATOS NACEMENTO** | |
| **DATA NACEMENTO** | 01/01/1999 |
| **PAIS** | ESPAÑA |
| **PROVINCIA** | A CORUÑA |
| **CONCELLO** | A BAÑA |
| **LUGAR** | |
| **ENDEREZO ACTUAL** | |
| **ENDEREZO** | |
| **PAIS** | |
| **CÓDIGO POSTAL** | |
| **CONCELLO** | |
| **PROVINCIA** | |
| **CORREO ELECTRÓNICO** | usuario.preproduccion.pruebas.portax@xunta.local |
| **TELÉFONOS** | |

PECHAR E XERAR IMPRESO DE CONFORMIDADE

**Pulse aquí se non pode xerar correctamente o impreso.**

IMPORTANTE: A continuación o empregado deberá revisar e actualizar a información de cada lapela.

# Consulta e solicitude de Recoñecemento de Grao I
## "Se non cumpro os criterios", que teño que facer?

7. Por último, ao finalizar a actualización do seu expediente e **antes de pechar e xerar o impreso de emenda,** debe rexistrar a unidade destino en función do posto do traballo do solicitante, tal e como se especifica nas instrucións de Carreira Profesional.

**APELIDOS E NOME:** PORTAX PROBAS, FUNCIONARIO
**NIF:** 00000020C

**SOLICITUDE: 5** **Creación: 26/03/2019** **Última Modif: 26/03/2019**
**ESTADO: Aberta**

**Prema aquí para coñecer a súa permanencia/desempeño profesional**

**Persoais** | **Admin.** | **Titulacións** | Cursos | **Serv. Prest.** | **Inact.** | **Trienios** | **Experiencias** | **Outras Formac.**

- Si está modificando o seu expediente para participar nun concurso de traslados, debe ter en conta que os cursos de sindicatos NON SERÁN VALORADOS se no nome do organismo que o imparte non figura de forma clara que forman parte do acordo de formación contínua AFCAP, ou AFEDAP(p.e.: AFCAP, AFEDAP, CC.OO. (AFCAP), CIG (A.F.C.A.P.), etc).
- Para que sexan valorados os cursos de idiomas da E.O.I. debe introducir en liñas independentes cada un dos anos cursados e superados e acompañalo pola certificación académica de superar o curso. NON SERÁN VALORADOS os certificados de aptitude, nin os títulos de nivel que non veñan acompañados da súa certificación académica.DEBIDO Ó CAMBIO DE CRITERIO DE VALORACIÓN NOS CURSOS DE IDIOMAS CON RESPECTO A ANTERIORES CONCURSOS, ESTES CURSOS HABERÁ QUE CERTIFICADOS DE NOVO
- Cada liña debe conter a información dun curso completo. Non debe dividir un curso por materias e introducilo en múltiples liñas.
- O nivel de coñecementos do idioma galego debe introducirse na solapa de datos "Admin.", despois da de datos "Persoais".

| TIPO CURSO | DENOMINACIÓN | ORGANISMO DENOMINACIÓN | ORGANISMO CONVOCANTE | ANO | DATA INICIO | DATA FIN | DURACIÓN (HORAS) | INF. EGAP | REXISTRADA NA FICHA DE PERSONAL | CAMBIO SOLICITADO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CURSO | PERFECCIONAMENTO DE XEFES DE NEGOCIADO | UNIVERSIDAD | UNIVERSIDAD - EMPRESA | 2018 | 01/01/2018 | 01/02/2018 | 20 | NON | NON | ALTA |
| CURSO | CURSO COCINA | EGAP | EGAP | 2015 | 02/02/2015 | 28/02/2015 | 40 | NON | SI | |
| CURSO | CURSO EXCELL | EGAP | EGAP | 1990 | 01/01/1990 | 08/01/1990 | 40 | NON | SI | |

PAX.1 de 1

✔ Organismo convocante válido para terse en conta nalgún dos concursos de traslados en curso.
✘ Organismo convocante non será tido en conta en ningún dos concursos de traslados en curso.
O curso importouse automáticamente dende os realizados na EGAP e non pode modificarse

**Introduza o nome e dirección da súa unidade de persoal:**
**Nome:** CONSELLERÍA DE FACENDA - SERVIZOS CENTRAIS - SECRETARIO XERAL TÉCNICO
**Dirección:** SAN CAETANO - SANTIAGO DE COMPOSTELA

PECHAR E XERAR IMPRESO DE ENMENDA

Pulse aquí se non pode xerar correctamente o impreso.

Se non cumpre, tamén terá opción de **presentar unha reclamación** se o considera necesario *(pode atopar máis información no último apartado deste documento)*

# Consulta e solicitude de Recoñecemento de Grao I
# "En calquera outra situación", que teño que facer?

1. Se o seu estado é distinto a "cumpro algún dos criterios" ou "non cumpro ningún dos criterios" **os pasos a seguir serán distintos en funcion da situación na que se atope cada empregado.**

2. Siga as instrucións que se visualizan premendo en "**Consulta o teu estado e solicita o recoñecemento do grao I do sistema de carreira profesional".**

*Exemplo 1:*

**CARREIRA PROFESIONAL**

**Vínculo xurídico coa administración:**

O SEU VÍNCULO XURÍDICO É FUNCIONARIO/A DE CARREIRA

Segundo a información que consta no seu expediente administrativo electrónico de persoal, vostede non cumpre os requisitos de acceso a este | extraordinario de recoñecemento do grado I de carreira profesional.

No "Artigo 3. Requisitos e âmbito de aplicación" do acordo atopará os requisitos para o acceso. Debe comprobar que cumpre estes requisitos para optar a este recoñecemento extraordinario. Neste enlace pode acceder ós requisitos de acceso:
Enlace ós requisitos de acceso

Se considera que hai un erro na súa calificación, e realmente si que cumpre os requisitos de acceso, pode presentar unha reclamación empregan seguinte enlace:
Presentar reclamación

Adicionalmente deberá verificar se cumpre os criterios xerais de avaliación.
No "Artigo 2. Criterios xerais de avaliación" do acordo atopará os criterios de avaliación. Debe cumprir só un dos criterios para poder optar ó recoñecemento extraordinario do grado I, unha vez que cumpra os requisitos de acceso.
Neste enlace pode acceder ós criterios xerais de avaliación:
Enlace ós criterios xerais de avaliación

Só no caso de que cumpra os requisitos indicados no "Artigo 3. Requisitos e âmbito de aplicación" e no caso de que presentara unha reclamación, terá opción a completar o seu expediente electrónico persoal. Se unha vez consultado constata que non ten rexistrados méritos suficientes para c algún dos criterios de avaliación indicados no "Artigo 2. Criterios xerais de avaliación" do acordo, poderá incorporar novos méritos ó seu expedien adminsitrativo electrónico persoal.

Para comprobar os datos que constan no seu expediente administrativo electrónico persoal pode empregar o seguiente enlace:
Rexistro de Persoal

- Se ten algún mérito non rexistrado co que pode cumprir algún dos criterios de baremo, pode actualizar o seu expediente xerando unha solicitude de actualización de méritos (impreso de enmenda) empregando o seguinte enlace:
  Presentar solicitude de actualización de méritos (impreso de enmenda)
  No seguinte enlace pode atopar a información relativa a forma de acreditación documental dos distintos criterios xerais de avaliación:
  Enlace a información de acreditación de méritos

*Exemplo 2:*

**CARREIRA PROFESIONAL**

**Vínculo xurídico coa administración:**

O SEU VÍNCULO XURÍDICO É FUNCIONARIO/A DE CARREIRA

Segundo a información que consta no seu expediente administrativo electrónico de persoal, vostede cumpre os requisitos de acceso, pero non cumpre ningún dos criterios de avaliación, polo que inicialmente non está proposto para o recoñecemento extraordinario do grado I do sistema de carreira

No "Artigo 2. Criterios xerais de avaliación" do acordo atopará os criterios de avaliación. Debe cumprir só un dos criterios para poder optar ó recoñecemento extraordinario do grado I. Neste enlace pode acceder ós Criterios xerais de avaliación:
Enlace ós criterios xerais de avaliación

Para comprobar os datos que constan no seu rexistro electrónico administrativo de persoal pode empregar o seguiente enlace: Rexistro de Persoal

- No caso de que teña méritos cos que cumpra algún dos criterios de avaliación correctamente rexistrados no seu expediente electrónico persoal pode presentar unha reclamación empregando o seguinte enlace:
  Presentar reclamación
- Se ten algún mérito non rexistrado no se expediente administrativo electrónico de persoal co que pode cumprir algún dos criterios de avaliación, pode actualizar o seu expediente xerando unha solicitude de actualización de méritos (impreso de enmenda) empregando o seguinte enlace:
  Presentar solicitude de actualización de méritos (impreso de enmenda)
  No seguinte enlace pode atopar a información relativa a forma de acreditación documental dos distintos criterios xerais de avaliación:
  Enlace a información de acreditación de méritos

. . .

## Como presentar unha reclamación?

1. Se desexa presentar unha reclamación, na sección de Carreira Profesional, debe premer no servizo de “**Presentar unha reclamación a carreira profesional**”. A continuación abrirase unha nova xanela e deberá premer na categoría de “Carreira Profesional”.




2. O seguinte paso é seleccionar o proceso no que desexa reclamar e a continuación a fase:







XUNTA DE GALICIA

3. Por último debera cumprimentar todos os datos, e ir a botón de “gardar e presentar en rexistro” *(sempre e cando **non teña que achegar documentación** xunto coa reclamación).*



Datos da reclamación

Categoría
Carreira Profesional
Proceso
Adhesión a carreira profesional
Fase
Fase 1
Nome
FUNCIONARIO
Apelido 1
PORTAX
Apelido 2
PROBAS
Enderezo
Código postal
Provincia
PROVINCIA DESCONOCIDA
Concello
Teléfono de contacto
Teléfono SMS
Correo electrónico
Apartado 1
Escriba a súa reclamación para este apartado:
8331
Introduza o número que aparece na imaxe
GARDAR
GARDAR E PRESENTAR EN REXISTRO

Se necesita achegar documentación, o correcto sería gardala, imprimila e entregar a reclamación xunto coa documentación de forma presencial no Rexistro.

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica